

71.487 PERSOAS TITULADAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (1990-2015). Evolución da oferta académica



Páxinas: 201
Ano: 2017
ISBN: 978-84-697-3482-7
Depósito legal: VG 348-2017

Este informe foi concibido inicialmente como a primeira parte doutro máis amplo no que é abordada a situación académica e profesional dos titulados da Universidade de Vigo entre os cursos 1989/90 e 2014/15. Porén, tendo en conta o seu tamaño, inicialmente imprevisto, considerouse apropiado levar a cabo e publicar dous estudos separados e relacionados entre si. Un reflectiría a casuística das persoas tituladas no momento da súa graduación e no outro daríase a coñecer o labor académico e profesional realizado despois de recibir o seu título académico. Neste último caso, abordaríanse, entre outros aspectos, as variables relacionadas co perfil sociodemográfico, o xénero, a situación laboral, a categoría profesional, o sector económico das empresas onde desenvolven as súas actividades ao longo do período analizado (1990-2015).

De acordo con estes antecedentes, este estudo mostra o número de persoas tituladas e de títulos emitidos pola Universidade de Vigo desde a súa creación no curso 1989-90 até o curso 2014-2015, incluíndo unha análise completa por ramas académicas, ciclos de estudo e xénero, ben como a evolución e ciclo de vida da oferta académica, alén de indicar o lugar de orixe dos titulados/as e as principais titulacións realizadas polo alumando galego e de fora de Galicia.

A seguir móstranse as principais conclusións do estudo:

1. É preciso desterrar a idea falsa de que a Universidade de Vigo é tecnolóxica. Polo contrario, os datos indican que máis da metade (53%) dos títulos emitidos ao longo dos primeiros 25 anos proceden do ámbito Xurídico-Social (Dereito, Ciencias Económicas, Maxisterio, Publicidade e Relacións Públicas,...). A rama Tecnolóxica alcanza o 23% mentres que a Científica é só do 6%, sendo estas dúas ramas do coñecemento as que destacan en I+D+i.

2. A Universidade de Vigo presenta, como o resto de integrantes do Sistema Universitario Galego e español, os defeitos e virtudes característicos da forma de se relacionar coa sociedade. É endogámica no sentido de que unha pequena parcela (0,6%) do alumnado que conclúe os seus estudos procede de países estranxeiros. Así sendo, as persoas tituladas da Universidade de Vigo presentan o seguinte perfil segundo a súa procedencia: 99,4% en territorios do Estado español, 96,7% en Galicia e un 83,2% nas provincias de Ourense e Pontevedra (onde están radicados os seus

Campus). Por municipios, un 50% das persoas tituladas proceden das cidades de Vigo (30,6%), Ourense (12,9%) e Pontevedra (6,2%).

3. Concluiron os seus estudos na Universidade de Vigo máis mulleres (61,7%) que homes (38,3%). Por ámbitos académicos, as mulleres son maioría en todas as ramas, salvo na Tecnolóxica, onde os homes representan o 71%. A presenza feminina é hexemónica nos ámbitos de Ciencias da Saúde (84%), Arte e Humanidades (76%), Xurídico-Social (69%) e Científico (66%).

4. O número de persoas tituladas desde a creación da Universidade de Vigo (71.487) é superior ao de títulos emitidos (82.330) debido a que 9.770 persoas (13,7% do total) realización varias titulacións.

5. Desde a creación da UVIGO o 45% dos títulos emitidos corresponden a estudos de ciclo curto (diplomaturas e enxeñarías técnicas) contra o 43% de ciclo longo (licenciaturas e enxeñarías superiores). Porén, obsérvase que os estudos de diplomatura foron diminuíndo progresivamente desde o quinquenio 1990-95 (64%) até o 2010-15 (9%). Polo contrario, os títulos emitidos nas enxeñarías superiores aumentaron desde o 5% até o 8% no mesmo período, alcanzando un máximo do 13% no quinquenio 2005-10.

As titulacións de ciclo curto con máis títulos emitidos foron: Maxisterio (14%), Ciencias Empresariais (8%), Enxeñaría Técnica Industrial (6%) e Enfermaría (5%). Entre as de ciclo longo, destacan a Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (5%), Enxeñaría Industrial (4%), Enxeñaría de Telecomunicación (3%), Economía (3%), Dereito e Bioloxía (2% ambas).

Un caso especial é a Diplomatura en Maxisterio, cunha evolución decrecente desde o 25% entre 1990-2005 até o 4% entre 2010-15, ocupando o primeiro lugar entre todas as titulacións nos catro primeiros quinquenios. Igualmente, a Diplomatura en Ciencias Empresariais pasou do 16% no primeiro quinquenio avaliado até o 2% no último.

6. Como o resto do sistema universitario galego e español, a Universidade de Vigo sufriu unha mudanza drástica nos últimos 25 anos, un proceso único comparado con calquera outro momento na historia desta institución. Este proceso está caracterizado pola implantación do proceso de adaptación ao EEES (Reforma de Boloña) no período 2010-15, ben como pola posta en marcha dos mestrados universitarios, iniciados no curso 2005/06, e de títulos propios, encetados no curso 2004/05. No curso 2014/15 impartíanse na UVIGO un total de 112 títulos (42 titulacións de grao, 31 cursos ponte que permiten a transición entre os antigos ciclos curtos e os graos, 3 títulos propios e 36 titulacións de 1º e 2º ciclos en fase de extinción). Tendo en conta que no inicio das actividades desta Universidade (curso 1989/90), o número de títulos emitidos era de 9, o crecemento, polo tanto, foi espectacular.

7. As principais titulacións completadas polo alumando galego foron: Diplomatura en Ciencias Empresariais, Diplomatura en Enfermaría, Enxeñaría Industrial e Enxeñaría de Telecomunicacións. Entre o alumnado procedente de fóra de Galicia destacan os estudos de Enxeñaría de Telecomunicación, Ciencias do Mar, Enxeñaría Industrial e Belas Artes.

Este traballo, unha iniciativa do Observatorio de Egresados, non tería sido posible sen o apoio da Universidade de Vigo e do seu Consello Social. A posta en marcha desta unidade permitiu que, pola primeira vez desde a súa creación, a Universidade de Vigo restablecese o contacto co seu principal "produto" social: o colectivo de egresados ou de persoas tituladas. Deste xeito, conseguiuase retomar unha ligazón co antigo alumnado que nunca se debería ter perdido.